



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: 5º EP

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO:

DATA: 08-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	<p>Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p> <p>Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</p> <p>Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>
Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	<p>Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo..</p> <p>Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.</p> <p>Realiza o resumo dun texto sinxelo.</p>
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	<p>Usa adecuadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.</p> <p>Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.</p> <p>Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral.
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e información relacionadas con situacións cotiás.	Crea diferentes tipos de textos (narrativos, descritivos, expositivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Coñece e utiliza as normas ortográficas e de acentuación, aplicándoas nas súas producións escritas.
Recoñecer as distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nomes, verbos, adxectivos, determinantes, pronomes,...	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
Recoñecer e observar de maneira reflexiva os constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.	Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será continua, formativa e global, tendo en conta sobre todo os resultados dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Todas as actividades , traballos feitas nos cadernos e os presentados para a súa valoración terán carácter diagnóstico sempre para beneficiar ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos: Proposta de actividades na páx. web. Consulta de dúbidas por teléfono, correo electrónico,... Envío de traballos específicos para valorar con carácter de diagnóstico as súas aprendizaxes.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Mirar todas as anotacións correspondentes aos dous primeiros trimestres e valorar o traballo feito neste terceiro trimestre sempre en beneficio dos nenos/as, intentando mellorar as súas notas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Petición de traballos específicos da parte da materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>A biblioteca do centro colgou enlaces para a lectura de libros on line, escoitar contacontos, ...</p> <p>As actividades van enfocadas cara á:</p> <p>Textos para facer lectura, comprensión lectora, resumos, ideas principais e secundarias.</p> <p>Vocabulario: sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, homónimas,...</p> <p>Ortografía: Escribir con corrección respectando as regras ortográficas.</p> <p>Gramática: nomes, determinantes, adxectivos, pronomes, oración (suxeito e predicado).</p> <p>Saber buscar non texto distintos tipos de palabras e analízalas.</p> <p>Composicións escritas: descrições, carta, conto, receitas,...</p> <p>Quedaré pendente para 6º: Gramática: verbos (conxugación), adverbios, preposicións e conxuncións. complementos do verbo.</p> <p>Análises sintácticas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Utilizar o libro de texto, para a busca de información.</p> <p>Usar o dicionario e outros recursos tecnolóxicos.</p> <p>Enviar fichas explicativas de apoio a algunha das actividades: determinantes, verbo / pronome, familia de palabras, campos semánticos,...</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto, dicionario, material funxible,</p> <p>Colgar actividades na páxina web do centro.</p> <p>Logo colgar as solucións das mesmas.</p> <p>Contacto coas familias e o alumnado a través do teléfono, correo electrónico e algunha videoconferencia, por iniciativa da titora ou de calquera dos alumnos/as ou familiares.</p>